

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

RP 2025/42375. Concesión definitiva do Programa FOEAC-2/2025

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FOEAC-2: PROGRAMA II DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E ACTUACIÓNS DE LOITA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA NO ANO 2025**

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

#### ANTECEDENTES:

**Primeiro.** Mediante resolución da Presidencia número 37652 do 6 de agosto de 2025, que foi publicada no BOP do 14 de agosto de 2025, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FOEAC-2: Programa II de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

**Segundo.** Analizada a documentación aportada polos solicitantes no devandito prazo procede:

- Conceder ao **Concello de Arzúa** a achega da que se sinalan os datos logo de que emendaran os erros mediante a presentación do proxecto técnico suscrito polo persoal técnico competente.

A entidade engade novas actividades no novo proxecto respecto ás contidas no proxecto inicial, que non son admitidas xa que suporían un cambio de obxecto non permitido segundo a Base 8.2 da convocatoria.

Polo que se financiarán só as actividades incluídas inicialmente (EA-1. Actividades para a prevención do deterioro físico) e o orzamento presentado inicialmente.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

#### RESOLVO:

**Primeiro.** Desestimar o cambio de obxecto solicitado polo Concello de Arzúa xa que non está permitido nas bases da convocatoria.

**Segundo.** Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FOEAC-2: Programa II de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025, aos concellos e entidades locais seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL NIF: P1506800J Cod. Exp.: 2025000031763 Obxecto: Proxecto ""Envellecemento activo 2025""	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DAS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ NIF: P1507100D Cod. Exp.: 2025000031814 Obxecto: Proxecto "Envellecemento activo"	4.954,95	1,0000	4.954,95
Beneficiario: CONCELLO DE ABEGONDO NIF: P1500100A Cod. Exp.: 2025000031970 Obxecto: ENVELLECIMENTO ACTIVO: ABEGONDO +	7.000,00	1,0000	7.000,00

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE ARES NIF: P1500400E Cod. Exp.: 2025000032281 Obxecto: Proxecto "Envellecendo en Ares 2025"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE ARZUA NIF: P1500600J Cod. Exp.: 2025000031946 Obxecto: Asistencia económica para contribuír ao financiamento das actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada (EA-1. Actividades para a prevención do deterioro físico)	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE BERGONDO NIF: P1500800F Cod. Exp.: 2025000030549 Obxecto: Proxecto "Envellecemento activo do Concello de Bergondo"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE BRION NIF: P1501300F Cod. Exp.: 2025000031087 Obxecto: Proxecto "Envellecemento activo do Concello de Brión"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE CARRAL NIF: P1502100I Cod. Exp.: 2025000032452 Obxecto: Proxecto "Obradoiro de memoria para persoas adultas"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE CEDEIRA NIF: P1502200G Cod. Exp.: 2025000032577 Obxecto: Proxecto "Obradoiro de Memoria 2025. Estimulación cognitiva para persoas maiores no Concello de Cedeira"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE CEE NIF: P1502300E Cod. Exp.: 2025000031174 Obxecto: Proxecto "EnvellecEE activamente"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE CERCEDA NIF: P1502400C Cod. Exp.: 2025000031022 Obxecto: Proxecto "Conectad@s"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE MELIDE NIF: P1504700D Cod. Exp.: 2025000032033 Obxecto: Proxecto "Re-activa"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE MUROS NIF: P1505400J Cod. Exp.: 2025000031925 Obxecto: Proxecto "Programa de Vida Activa +65"	5.500,00	1,0000	5.500,00
Beneficiario: CONCELLO DE ORTIGUEIRA NIF: P1506200C Cod. Exp.: 2025000032456 Obxecto: Proxecto "Saúde en cada etapa: envellecemento activo e benestar integral"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE OUTES NIF: P1506300A Cod. Exp.: 2025000030528 Obxecto: Proxecto "Mellora da autonomía persoal e prevención do deterioro físico e mental do colectivo da 3ª Idade"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE PONTECESO NIF: P1506900H Cod. Exp.: 2025000032024 Obxecto: Proxecto "Activando a mente: Talleres de memoria e obradoiros para un envellecemento activo"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE PONTEDEUME NIF: P1507000F Cod. Exp.: 2025000031829 Obxecto: Proxecto "Estratexia municipal contra a soidade non desexada das persoas maiores no Concello de Pontedeume"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE PORTO DO SON NIF: P1507200B Cod. Exp.: 2025000030144 Obxecto: Proxecto "Talleres de memoria para maiores da terceira idade"	4.114,00	1,0000	4.114,00

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE VALDOVIÑO NIF: P1508800H Cod. Exp.: 2025000031895 Obxecto: Proxecto "Programa de envellecemento activo "Ponlle ritmo á vida"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE VIMIANZO NIF: P1509300H Cod. Exp.: 2025000031872 Obxecto: Proxecto "Programa de envellecemento activo 2025: O baúl dos recordos e olimpíadas activade sénior de xogos tradicionais II"	7.000,00	1,0000	7.000,00
Beneficiario: CONCELLO OZA CESURAS NIF: P1500029B Cod. Exp.: 2025000031771 Obxecto: Proxecto "O envellecemento activo é benestar"	7.000,00	1,0000	7.000,00

Número de solicitudes concedidas: 21

Total concedido: 140.568,95 €.

**Terceiro.** Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes deben consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

**Cuarto.** Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0611/23121/46201, fase A, operación número 220250039782, importe: 140.568,95 €

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

**Quinto.** Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FOEAC-2: Programa II de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025, aos concellos e entidades locais seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: CONCELLO DE CORCUBION NIF: P1502800D Cod. Exp.: 2025000031952 Obxecto: ENVELLECIMENTO ACTIVO: SABERMONOS MAIORES(2)	O Concello incumpre o requisito de poboación segundo a Base 3 das reguladoras da convocatoria
Solicitante: CONCELLO DE NEDA NIF: P1505600E Cod. Exp.: 2025000032314 Obxecto: Proxecto "Obradoiros de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada"	O Concello incumpre o requisito de poboación segundo a Base 3 das reguladoras da convocatoria

Número de solicitudes descartadas: 2

**Sexto.** Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de setembro de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario

Miguel Iglesias Martínez

2025/5872